**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2024 10:26:53**

CSV: REXISTRO-EZG3VyWrA-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 6426(12/MOC-000015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3863, publicada no BOPG n.º 28 f1, do 22 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 26 de xuño de 2024)

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2024 11:16:59
Nº Rexistro: 6426
Data envío: 28/06/2024 11:16:59.945

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 26 de xuño, sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual (doc. núm **3863**, [**12/INT-000254**]).

**Moción**

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Realizar un estudo sobre a situación das persoas LGBT no eido educativo galego, no que se avalíe o coñecemento da realidade LGBT e dos protocolos e ferramentas existentes para evitar a discriminación en cada centro, así como a presenza de LGBTfobia nos centros de ensino e as consecuencias da mesma. Este estudo deberá ser presentado na cámara antes do remate do presente ano.

2º.- Deseñar e implantar un plan de formación a comezar durante o próximo curso lectivo de carácter obrigatorio, con prioridade presencial, para todo o persoal dos centros educativos, tanto docente coma non docente, sobre o trato da diversidade, incluíndo a diversidade sexual e de xénero, así como a formación en prevención, detección e acompañamento das violencias LGBTfóbicas.

3º.- Elaborar e implantar unha guía de actuación que identifique as condutas LGBTfóbicas no ámbito escolar e o modo de proceder en cada caso. Esta guía ten que recoller os protocolos de actuación e ferramentas dispoñíbeis, así como medidas para avaliar e garantir o seu cumprimento.

CSV: REXISTRO-bOh1Je1G7-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º.- Desenvolver e implantar como máximo no curso 2025/2026 un Plan galego de educación sexo-afectiva de científica e de calidade, dentro da ensinanza obrigatoria, que abranga ao conxunto do alumnado e adaptado a cada unha das etapas educativas, que promova os valores de igualdade e respecto, así como a adquisición de competencias acerca da sexualidade humana, as relacións interpersoais, a saúde sexual, a violencia machista e a LGBTfobia.

5º.- Remitir ao Parlamento no prazo máximo dun mes un informe no que conste a situación dos centros Quérote+ no que se detallen, cando menos, os seguintes aspectos: persoal contratado en cada centro, cantidade de atencións prestadas desglosadas por meses e centro, e campañas realizadas tanto de carácter interno como colaborador noutras entidades, conforme ao aprobado unanimemente na sesión plenaria do 4 de xullo de 2023.

6º.- Remitir no prazo máximo dun mes o informe de aplicación da Lei 2/2014 que aparece recollido na disposición adicional na mesma."

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 28/06/2024 11:16:22**

CSV: REXISTRO-bOh1Je1G7-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2024 11:16:59
Nº Rexistro: 6426
Data envio: 28/06/2024 11:16:59.945

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 28/06/2024 11:16:34**

CSV: REXISTRO-bOh1Je1G7-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 6436(12/MOC-000016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos

Sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2138, publicada no BOPG 20f1, do 2 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 25 de xuño de 2024.)

Grupo
Parlamentario
Socialista

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6436
Data envío: 28/06/2024 15:57:53.586

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 25 de xuño de 2024, sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego (doc.núm. 2138).

**MOCIÓN**

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a reforzar o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo os axustes necesarios na orientación de obxectivos do Plan de transporte público por estrada competencia do Goberno galego.

Parlamento de Galicia, 28 de xuño de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos López Font na data 28/06/2024 15:55:43**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 28/06/2024 15:56:09**

CSV: REXISTRO-75AQywkiC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 1710(12/PNP-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

*Publicación da iniciativa, 16f1, 24.04.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2024 12:40:35
Nº Rexistro: 1710
Data envío: 12/04/2024 12:40:35.146

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do Servizo de Axuda no Fogar e as medias que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, o Servizo de Axuda no Fogar é o que máis persoas usuarias concentra de todos os que se inseren no SAAD.

Neste senso, cos últimos datos publicados polo INMSERSO, no noso País hai 25.495 persoas usuarias de SAF (datos de febreiro de 2024). Porén, malia ser unha peza clave na atención e o coidado das persoas dependentes, os concellos galegos e a Fegamp veñen alertando desde hai anos á Xunta de Galiza, do risco de quebra do servizo pola falta de recursos económicos e a incapacidade de moitos municipios para facer fronte –especialmente co persoal do que dispoñen-- da crecente demanda que existe.

Cómpre lembrar que Galiza conta cunha poboación maior de 65 anos que alcanza o 30% do total e cunha alta esperanza de vida que incrementará progresivamente o número de persoas usuarias, como xa vén acontecendo desde hai máis dunha década.

Na actualidade, o SAF fináncase a través de módulos de financiamento nos que a Xunta achega 12 euros a hora e o resto se divide entre as aportacións municipais e das persoas usuarias en función do seu nivel de renda e patrimonio das mesmas. Doutra



CSV: REXISTRO-Ktf5YvJhP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

banda, os concellos con menos de 20 mil habitantes contan con apoios das deputacións provinciais sendo estes diferentes en función de cada provincia.

Segundo os datos do Colexio de Traballo Social de Galiza no estudo realizado en 2020 sobre a situación do SAF no noso País, o custe real da prestación do mesmo oscila entre os 21 e 23€/hora + IVE.

Pola súa banda, a Fegamp asegura que o prezo do servizo está incrementándose cada vez máis oscilando nunha media entre 19 e 25 euros/hora. De acordo cos datos da representación municipal tendo en conta a aportación fo Goberno galego –contando nel as aportacións do Estado vía transferencia-- os concellos galegos están a soster o servizo con 200 millóns de euros fronte aos 112 millóns da administración autonómica.

De feito, de maneira insistente nos últimos anos, os concellos galegos veñen reclamando da Xunta unha reforma do sistema de financiamento do SAF para garantir a sostibilidade do servizo e que este se presta nas mellores condicións ao conxunto da poboación.

É evidente que un servizo tan importante para garantir o dereito a envellecer no fogar que, ademais, atende xa máis de 25 mil persoas en Galiza, esixe dun maior esforzo investidor por parte da Xunta que, cómpre lembrar, é a titular das competencias en servizos sociais e atención á dependencia tal e como recolle a Lei de servizos sociais de Galiza (2008) e a Orde que regula o SAF (2009).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incrementar a aportación ao financiamento do SAF até chegar nos primeiros dous anos de mandato a 20 euros/hora.



CSV: REXISTRO-Ktf5YvJhP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2024 12:40:35
Nº Rexistro: 1710
Data envio: 12/04/2024 12:40:35.146

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego e reunirse, de maneira inmediata coa Fegamp, para abordar a necesaria reforma do servizo co obxectivo de garantir a súa estabilidade financeira e adaptalo ás necesidades presentes e futuras da poboación galega."

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**
Deputadas do G.P. do BNG
**Olalla Rodil Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 12/04/2024 12:35:06**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2024 12:40:00**

CSV: REXISTRO-Ktf5YvJhP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 5175(12/PNP-000539)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 14 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que achegue o investimento solicitado para o Proxecto Nós no marco do PERTE Nova economía da lingua

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 34f1, 05.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 12:42:22
Nº Rexistro: 5175
Data envío: 31/05/2024 12:42:22.897



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Victor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, María Deza Martinez, Alberto Pazos Couñago, Cristina Campero Dorado, Cristina Sanz Arias, María Felisa Rodriguez Carrera, Miguel Fidalgo Iglesias e Borja Verea Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno polo trámite de urxencia.**

**Xustificación da urxencia:**

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición en sede parlamentaria canto antes sobre este tema.

**Exposición de Motivos**

A Xunta de Galicia puxo en marcha o PROXECTO NÓS en colaboración coa USC, unha iniciativa presentada aos Fondos Next Generation por importe de 15M€ que ten por obxectivo favorecer a creación de ferramentas que permitan que o galego estea presente en todos os ámbitos, especialmente no tecnolóxico con sintetizadores de voz, recoñecedores de fala ou xeradores de lingua natural.

Pola súa envergadura, esta proposta terá efectos tanto no sector público como no privado: prevese unha mobilización de máis de 45M€ e a creación de 450 empregos novos, directos e indirectos.

A Xunta de Galicia, a USC e a Uvigo asinaron un convenio para dotar 600.000€ anuais que serven para avanzar no traballo de campo e deseñar os prototipos de recursos.

O PERTE Nova Economía da Lingua foi formulado polo Goberno central coma unha importante oportunidade para aproveitar o potencial do español e das linguas cooficiais como factor de crecemento económico e competitividade internacional.

CSV: REXISTRO-UP6d3vfrT-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2024 12:42:22
Nº Rexistro: 5175
Data envío: 31/05/2024 12:42:22.897



Para iso, o devandito Plan foi dotado cun orzamento de 1.100 millóns de euros, contando ademais con mobilizar outros 1.000 millóns procedentes de investimentos privados.

O Goberno galego, como xa ten demostrado, é consciente da importancia da lingua para que Galicia poida seguir medrando. Por iso, presentou unha iniciativa tan importante coma o Proxecto Nós, cun orzamento de 15 millóns de euros.

Da cantidade solicitada, o Goberno central tan só achegou a día de hoxe 2 millóns de euros, unha cantidade absolutamente insuficiente para un proxecto que aspira a situar o galego na sociedade e na economía dixital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que vaia completando a súa parte na dotación co fin de achegar a totalidade dos 15 millóns de euros solicitados por Galicia no marco do PERTE Nova Economía da Lingua".

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2024.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 31/05/2024 12:37:19**

**Carmen Pomar Tojo na data 31/05/2024 12:37:34**

**José Luis Ferro Iglesias na data 31/05/2024 12:37:48**

CSV: REXISTRO-UP6d3vfrT-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Rubén Lorenzo Gómez na data 31/05/2024 12:38:00**

**Víctor Baladrón Lamas na data 31/05/2024 12:38:22**

**Julio García Comesaña na data 31/05/2024 12:38:31**

**Patricia García González na data 31/05/2024 12:38:45**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 31/05/2024 12:38:59**

**Raúl Santamaría González na data 31/05/2024 12:39:13**

**María Deza Martínez na data 31/05/2024 12:39:51**

**Cristina Campero Dorado na data 31/05/2024 12:40:05**

**Cristina Sanz Arias na data 31/05/2024 12:40:18**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 31/05/2024 12:40:32**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 31/05/2024 12:40:48**

**Borja Verea Fraiz na data 31/05/2024 12:40:59**

CSV: REXISTRO-UP6d3vfrT-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 5491(12/PNP-000575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 4 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de mellorar as condicións actuais do sector lácteo galego

*Publicación da iniciativa, 40f1, 19.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 13:04:43
Nº Rexistro: 5491
Data envío: 07/06/2024 13:04:43.772

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto** e **Ariadna Fernández González** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a destrución da cadea de valor por parte das industrias do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo ten un valor importante na economía do noso país aportando o 1.7% do PIB galego, como dato oficial e tendo un impacto real na economía moito maior debido á súa forte relación con outras ramas da actividade. Galiza é con diferencia a que maior volume de leite produce en todo o territorio do Estado, co 55% das explotacións.

A modernización realizada polo sector nas últimas décadas sitúa o leite galego como referente europeo en calidade, garantías de salubridade alimentaria e vocación de permanencia acadando así o noveno posto de produción a nivel europeo. Por todo isto queda de manifesto que o sector lácteo é fundamental para a economía e a sociedade galega, aínda que ten que enfrontarse a desafíos importantes e numerosos retos que ameazan a súa viabilidade e sustentabilidade como se nomean a continuación:

1. Moitas granxas non logran cubrir os seus custos de produción co prezo que reciben polo leite que producen. Isto causa unha crise de rendibilidade sen precedentes no sector lácteo galego.



CSV: REXISTRO-UvOb292pC-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Os prezos dos pensos, abonos, combustibles e electricidade están a aumentar, o que está a incrementar os custos de produción.

3. A alimentación do gando representa xa o 65% dos gastos de produción dun litro de leite.

4. A escaseza de terreo e a falta de man de obra cualificada son tamén problemas importantes para o sector lácteo en Galiza.

5. O sector lácteo tamén está a enfrontarse ao problema do relevo xeracional, acentuado pola mala fama que aínda ten o traballo no campo.

6. A perda de poboación no rural e o abandono da xestión do territorio están a causar o peche de moitas explotacións de leite.

A volatilidade dos prezos do leite, e a falta de transparencia na formación dos mesmos, son problemas persistentes que afectan aos produtores de leite, en tanto que moitas veces os prezos que reciben os produtores non cobren os custos de produción, poñendo en perigo a rendibilidade das explotacións dun sector que está formado maioritariamente por pequenas e medianas explotacións que teñen dificultades para competir nun mercado cada vez máis globalizado. E son explotacións que necesitan apoio para modernizarse e adaptarse ás novas demandas do mercado.

Por último, cómpre garantir a sustentabilidade ambiental do sector lácteo. A produción de leite ten un importante impacto no medio ambiente, sendo fundamental promover prácticas máis sostibles.

Esta é a situación do sector lácteo en Galiza e algunhas das problemáticas que ten que enfrontar, polo que é importante que se tomen medidas para abordar estes desafíos e asegurar a viabilidade a longo prazo do sector, nomeadamente dada a relevancia do sector na economía e na sociedade galega.



CSV: REXISTRO-UvOb292pC-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Actualizar os datos so sector do leite e analizar as problemáticas do sector.

- Elaborar un informe con datos actualizados de custes de produción no sector de vacún de leite de Galiza.

- Implantar mecanismos que permitan mobilizar a terra produtiva para que as explotacións dispoñan da base territorial axeitada ás súas necesidades.

- Revisar a estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025."

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
**Montserrat Valcárcel Armesto**
**Secundino Fernández Fernández**
**Ariadna Fernández González**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-UvOb292pC-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 13:04:43
Nº Rexistro: 5491
Data envío: 07/06/2024 13:04:43.772

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Sonia Vidal Lamas na data 07/06/2024 12:53:33**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/06/2024 12:57:52**

**Secundino Fernández Fernández na data 07/06/2024 12:58:35**

**Ariadna Fernández González na data 07/06/2024 13:00:45**

**Luis Bará Torres na data 07/06/2024 13:01:09**

CSV: REXISTRO-UvOb292pC-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.4 5506(12/PNP-000576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que o Goberno galego debe aplicar en relación coa política que se vén desenvolvendo en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

*Publicación da iniciativa, 40f1, 19.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5506
Data envío: 07/06/2024 16:20:40.043

PSG PSOE Parlamento de Galicia

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A sociedade xestora de residuos de Galicia, Sogama, que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10 % no canon de lixo aos concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros, así como a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto, facendo ben os deberes medioambientais.

Na Lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de Sogama de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15 % condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

Na actualidade, unha vez constituído o goberno da Xunta e iniciada esta nova lexislatura o Goberno galego ten que facer público o importe do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o ano 2024.

CSV: REXISTRO-sRHnBoX7n-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde o Grupo Socialista amosamos a nosa preocupación porque se repita a intención de suba deste canon por parte da Xunta á vista do acontecido no ano anterior, e entendemos que este novo canón, en ningún caso, pode ser superior ao existente na actualidade que se fixa na suma de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

Tamén se debe manter a bonificación do 15 % deste canon unitario, porque resulta así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

Este mantemento do canon estaría perfectamente xustificado cos últimos datos publicados por Sogama que son do ano 2022 e nos mostran que o 60,47 % dos residuos tratados nesta planta se someten á valorización enerxética, isto é 557.796 toneladas/ano.

E posteriormente, se vende esa enerxía obtida na planta termoeléctrica, así como os excedentes da obtida nas plantas de coxeración e biogás.

O que xera que o saldo do exercicio 2022 sexa de 132.738.484 €, polo que non se entendería unha suba no canon co prexuízo económico que isto suporía para os concellos.

CSV: REXISTRO-sRHnBoX7n-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5506
Data envío: 07/06/2024 16:20:40.043



Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Manter ou, se as condicións económicas o permiten, rebaixar o canon aos galegos adscritos a Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

2. Manter a actual bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

3. Renunciar, por parte da Xunta, a reclamar aos concellos turísticos que suban o recibo do lixo aos comercios e á hostalaría por invadir a autonomía local en cuestións de competencia municipal.

4. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación do colector marrón e, por tanto, quedan fóra da bonificación do 15 % no canon de Sogama.

5. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2016-2022 para favorecer a xestión de proximidade.

Santiago de Compostela, 7 de junio de 2024

CSV: REXISTRO-sRHnBoX7n-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 5506
Data envío: 07/06/2024 16:20:40.043

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey  na data 07/06/2024 16:17:28**

**Carlos López Font na data 07/06/2024 16:17:45**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 07/06/2024 16:17:54**

CSV: REXISTRO-sRHnBoX7n-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.5 5938(12/PNP-000621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de axilizar o sistema de valoración da dependencia

*Publicación da iniciativa, 43f1, 26.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2024 12:12:33
Nº Rexistro: 5938
Data envío: 18/06/2024 12:12:33.838

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mes tras mes vémonos na obriga de traer ás diferentes comisións ou plenos preguntas sobre as cifras en col da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Por moito que preguntemos, as reiteradas queixas ante os concellos e as dependencias da Xunta de Galicia nos que os familiares de persoas que se atopan á espera da resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención), poñen a voz de alarma sobre os períodos de espera ao que se ven sometidos.

Os informes do Observatorio da Dependencia, elaborado pola Asociación Estatal de Directoras y Gerentes en Servicios Sociales poñen de manifesto que Galicia é unha das comunidades autónomas que peor posición ocupa de toda España na escala de valoración de dito Observatorio Estatal para a Dependencia.

Seguimos á espera dun proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia mentres os datos continúan a ser preocupantes. Dende o Grupo Parlamentario Socialista propuxemos como parte da solución, en numerosas ocasións, a necesidade dun incremento significativo de persoal nos equipos de valoración de dependencia EVD.

CSV: REXISTRO-zb6B0QqCU-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2024 12:12:33
Nº Rexistro: 5938
Data envio: 18/06/2024 12:12:33.838

A Consellería anunciou un plan de choque en dependencia enmarcado no Estatal para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto especificando:

a) Implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes. Deseñando un único procedemento do recoñecemento de dependencia así como o Programa Individual de Atención.
b) Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorarase o modelo de xestión de citas, entre outras medidas, segundo a Consellería de Política Social.

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal foi a inversión para lograr reducir as listas de espera, o número de técnicos dos equipos de valoración que se incrementaron e o tipo de contrato. Hai que ter en conta que Galicia foi beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do "Plan de Choque de la Dependencia" do Goberno de España.

Ademais é fundamental que a Xunta de Galicia aclare por que existen máis de 9000 solicitudes que non figuran en ningún tipo de estatística por non estar gravadas no sistema, segundo o citado informe do XXII Observatorio de Dependencia Estatal. Por outra banda, é fundamental elaborar un estudo que permita coñecer os motivos ou variables que motivan que Galicia sexa a Comunidade Autónoma na que menos solicitudes se inician por habitantes potencialmente dependentes.

CSV: REXISTRO-zb6B0QqCU-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2024 12:12:33
Nº Rexistro: 5938
Data envío: 18/06/2024 12:12:33.838

En concreto tan só o 16,13 %, 78.315 solicitudes de 485.558 galegos e galegas potencialmente dependentes. A media nacional de solicitudes é de 29,98 %, moi superior á galega, que queda en último lugar en comparativa co resto de comunidades autónomas. Polo que é preciso coñecer as causas para elaborar propostas adaptadas que dean solución a un problema que afecta directamente ao benestar dunha parte da cidadanía que renuncia aos seus dereitos. Unha das solucións pasa por reforzar os recursos humanos dos equipos de servizos sociais comunitarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social e Igualdade a incrementar os equipos de valoración de dependencia de xeito significativo, así como os dos servizos sociais comunitarios para reforzar o sistema e que permita incrementar o número de solicitudes ás axudas para a dependencia tendo en conta que Galicia é a Comunidade Autónoma que menor número de solicitudes rexistra do país.

Santiago de Compostela, 18 de xuño do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 18/06/2024 12:06:46**

**Elena Espinosa Mangana na data 18/06/2024 12:06:57**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 18/06/2024 12:07:05**

CSV: REXISTRO-zb6B0QqCU-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.6 6099(12/PNP-000641)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse a realización das infraestruturas viarias xa comprometidas en Galicia

*Publicación da iniciativa, 43f1, 26.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2024 10:50:59
Nº Rexistro: 6099
Data envío: 20/06/2024 10:50:59.304

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Igleias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no 160 e concordantes dos Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno.**

**<u>Exposición de Motivos:</u>**

O Goberno central leva anos acumulando incumprimentos en relación á execución das novas infraestruturas viarias comprometidas en Galicia, especialmente aquelas que resultan vitais para a comunicación coa meseta e para a vertebración interna do territorio, como son as autovías de competencia estatal A-56, A-52 no acceso a Vigo, A-74 ou a A-76, por poner algún exemplos.

Tal e como cabía esperar, o pacto de investidura selado entre o PSOE e o BNG é só papel mollado que demostra a falta de priorización para a mellora ou execución de eixes de comunicación estratéxicos para as provincias de Lugo e Ourense como a A-56, onde non se observan progresos importantes na obra do treito Eirasvedras-Quintela da Variante Norte de Ourense pese a ter transcorrido máis do 76% do prazo contractual, e ningún avance relevante no resto deste eixo, ou a Ourense- Ponferrada (A-76), clave para acceder á Meseta desde o interior de Galicia e que acumulan atrasos e falta de concreción en prazos e de orzamentos.

De feito, o Ministerio de Transportes recoñeceu recortes e demoras na tramitación da A-76, e nin siquera quixo poner data aos tramos entre O Barco e Quiroga da A-76. E non se percibe alcance material algún en relación coa Autovía da Mariña (A-74), na que as únicas noticias son da división en subfases da primeiro treito planificado, entre Barreiros e Foz, e a información pública do treito Foz - Burela hai máis de 2 anos.

Ante a falta de vontade política para avanzar na planificación destas infraestruturas vitais para que Galicia poida seguir desenvolvéndose e non quede relegada fronte a outros territorios, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta a demandar do Goberno de España un compromiso real e efectivo para a realización de infraestructuras vitais para a nosa comunidade ante o que é unha falta de avances das infraestruturas

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTRO-6856rs4S3-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

viarias comprometidas polo Estado en Galicia e un agravio comparativo respecto a outras comunidades".

Santiago de Compostela, 20 de xuño 2024.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 20/06/2024 10:43:32**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 20/06/2024 10:44:00**

**Carmen Pomar Tojo na data 20/06/2024 10:44:15**

**Cristina Campero Dorado na data 20/06/2024 10:44:28**

**María Deza Martínez na data 20/06/2024 10:44:40**

**José Luis Ferro Iglesias na data 20/06/2024 10:44:52**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 20/06/2024 10:45:02**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 20/06/2024 10:45:31**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 20/06/2024 10:45:52**

**Gonzalo Trenor López na data 20/06/2024 10:46:03**

CSV: REXISTRO-6856rs4S3-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.     Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 1439(12/INT-000072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o modelo de apoio aos gastos escolares nas etapas obrigatorias do ensino

*Publicación da iniciativa, 12f1, 17.04.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2024 18:02:12
Nº Rexistro: 1439
Data envío: 10/04/2024 18:02:12.911



**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A educación é un dereito básico e tal e como recolle a Constitución "gratuíto" pero en Galicia esta máxima non é unha realidade cando o gasto en libros e material supón un esforzo económico elevadísimo e en moitos casos inasimilable. O artigo 27.4 da Constitución española establece que "O ensino básico é obrigatorio e gratuíto" e a favor de incluír os materiais curriculares obrigatorios, os libros de texto, se teñen pronunciado todo tipo de institucións e colectivos como O Defensor do Pobo , O Consello Escolar do Estado, ANPA e sindicatos. O presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo reclamaba no comezo do actual curso escolar ao Goberno do Estado a ampliación do fondo estatal para a axuda na compra de libros de texto ata os 100 millóns. Un suposto interese polas familias que afrontan un difícil inicio de curso que choca de maneira frontal coas políticas que vén aplicando o PP ao fronte da Xunta de Galicia nestes últimos anos. Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á presidencia da Xunta decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño.

Dende aquela e tal e como o Grupo Socialista vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente. Nun contexto económico especialmente delicado, o Grupo Socialista insiste na súa demanda de recuperar de inmediato a gratuidade universal dos libros de texto e material. O actual sistema mostrouse claramente insuficiente nos últimos cursos escolares, cando os requisitos esixidos para poder ter dereito á gratuidade de libros de

CSV: REXISTRO-TRThdcKMB-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

texto exclúe a numerosas familias cuxas condicións económicas víronse ademais deterioradas pola pandemia mundial do coronavirus Covid19 ou polo incremento de prezos neste curso. Na actualidade o sistema de "Banco de Libros" co modelo de préstamo e reutilización está difundido en case todas as Comunidades Autónomas e son xa moi poucas as que manteñen o modelo de bolsa ou axuda económica para adquisición de libros. Baixo este modelo está a implantarse paulatinamente a gratuidade para as familias, o que segundo distintos estudos supón o aforro de entre 200 e 300 euros por alumno ou alumna. As Comunidades de Andalucía, Comunidade Valenciana, Estremadura, Madrid e Navarra contan cun programa de gratuidade dos libros de texto nas etapas do ensino obrigatorio para todo o alumnado establecido por lei, e por tanto convertendoo nun dereito. Igualmente, este programa de gratuidade de libros de texto está a implantarse paulatinamente desde o curso 2018-2019 na Rioxa finalizando no presente curso 2022-2023 conforme ao establecido na Orde EDC/13/2021, do 29 de marzo, pola que se modifica a Orde EDU/39/2018, do 20 de xuño, pola que se regula o programa de gratuidade de libros de texto e as axudas destinadas a financiar a adquisición de libros de texto, nos centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinos de carácter obrigatorio no ámbito territorial da Comunidade Autónoma da Rioxa, na redacción dada á mesma pola Orde EDC/40/2020, do 15 de xullo. Deste xeito, progresivamente, e dependendo das decisións de cada Comunidade Autónoma, vaise cumprindo o mandato constitucional sobre a gratuidade do ensino en España.

Na nosa Comunidade Autónoma cabe lembrar que a reivindicación da gratuidade dos libros de texto foi constante por parte do PSdeG-PSOE, e neste contexto, as familias galegas non poden quedar como cidadás e cidadáns de segunda ante o avance da completa gratuidade dos libros de texto que se está producindo en España. Por iso corresponde dar o paso decisivo e regular por lei o dereito de todos os alumnos e alumnas galegas a contar coa gratuidade

CSV: REXISTRO-TRTndcKMB-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de todo o material curricular didáctico obrigatorio xa sexa impreso ou dixital, sen establecer barreiras ou límites económicos.

Manter a negativa desde a Xunta é manter un agravio importante das nosas familias respecto ás dunha boa parte do conxunto do Estado e tamén entre diferentes localidades da nosa comunidade en función das decisións e apoios que están a habilitar segundo o seu concello como pode ser o caso do de Vigo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Considera xusto para as familias galegas que quedan fóra do sistema de axudas da Xunta de Galicia asumir o gasto de libros de texto e material cando a gratuidade é asumible e existe en moitas comunidades autónomas do conxunto do Estado?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 10/04/2024 17:34:02**

**Silvia Longueira Castro na data 10/04/2024 17:34:14**

CSV: REXISTRO-TRTHdcKMB-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 3532(12/INT-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel

Sobre o impacto dos cambios que van aparecendo no actual modelo turístico

*Publicación da iniciativa, 24f1, 15.05.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 3532
Data envío: 10/05/2024 09:28:34.297

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade urxente de planificar e limitar as Vivendas de Uso Turístico en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas nas que estamos inmersos, na era da información e da uberización da economía, están tendo un forte impacto no sector turístico. Se no século pasado a presión turística canalizábase fundamentalmente a través dos inmobles hoteleiros, hoxe a vivenda de uso turístico ocupa xa un papel máis predominante en termos cuantitativos. Este cambio implica tamén novos retos en cuanto á súa xestión e planificación, para lograr un modelo sustentable dende o punto de vista turístico e tamén residencial.

Porén este fenómeno ten medrado nos últimos anos sen ningún tipo de control. Hai unha evidente falla de análise e de lexislación que limite os efectos negativos singulares que provoca este tipo de aloxamentos. Se no século pasado o turismo podía xerar tensións ou conflitos naquelas localizacións cun exceso de hoteis, hoxe, o aluguer de vivendas de uso turístico transforma a súa lóxica de implantación territorial cunha difusión dos usos turísticos polo parque inmobiliario dun xeito distinto, máis capilar e máis extendido. É preciso, por tanto, unha visión territorializada e de carácter supramunicipal deste problema.

Se realizamos unha lectura en termos de país, a primeira característica que destaca deste fenómeno é a súa evolución explosiva, como así o confirman os datos. Se

CSV: REXISTRO-25FC4KCfZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 3532
Data envío: 10/05/2024 09:28:34.297

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en 2017 había apenas unhas 500 rexistradas, hoxe ascenden a 22.553 vivendas de uso turístico, o cal representa un incremento do 4.510% en apenas 7 anos.

Este crecemento exponencial das VUT está ligado á gran diferencia de rendibilidade entre o aluguer residencial e o aluguer vacacional. A pesar de que os prezos dos alugueres residenciais aumentaron en máis dun 40% na última década en Galiza, e que non son pequenas as marxes de beneficio dos alugueres residenciais, as plusvalías que se poden acadar a través do aluguer vacacional son habitualmente maiores. Xérase así unha diferencia de presión entre un mercado e outro que leva á expansión descontrolada das VUT.

Esta situación non foi acompañada de medidas de ordenación. A maioría de concellos aínda non dispoñen de ordenanzas específicas que as regulen, e aínda que as teñan non poden efectivizalas como consecuencia da actuación da Xunta de Galiza, que permite a inscrición irregular destes aloxamentos. O executivo galego no exercicio das súas competencias en materia de turismo, permite a inscrición de todas as VUT a pesar de que estas non cumpran coas normas urbanísticas que determinan os concellos. De forma que neste momento para dar de alta unha VUT e incorporala no REAT-o censo oficial da Xunta para estes aloxamentos- só hai que presentar unha declaración responsable asinada polo propietario conforme cumpre as normas, pero non a documentación que así o acredite.

Baixo este mecanismo de descontrol premeditado, a Xunta de Galiza vén inscribindo vivendas de uso turístico sen comprobación da súa legalidade. De forma que nestes momentos o goberno galego négase a exercer a labor de vixilancia e apenas retira do censo aquelas vivendas cunha sentenza firme, como xa ten sucedido, en que o TSXG resolve que non poden exercer sen o título habilitante.

Por tanto, o que condiciona inicialmente a explosión deste fenómeno, ten que ver coa diferencia de plusvalía entre o mercado residencial e o turístico, pero as cifras



CSV: REXISTRO-25FC4kCfZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 3532
Data envío: 10/05/2024 09:28:34.297

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desorbitadas só se explican pola falta de políticas de planificación e control, especialmente da Xunta de Galiza.

Dende o BNG queremos alertar que a proliferación descontrolada está interferindo en 3 planos fundamentais que nos afectan como sociedade. O primeiro efecto negativo é a súa repercusión na alza de presos da vivienda en xeral. O diferencial de prezos entre o uso residencial e o turístico está provocando un descenso da oferta de vivenda de aluguer residencial e un aumento dos seus prezos. O cal se traduce no colapso da accesibilidade á vivenda da poboación residente.

En segundo lugar existe unha afectación dende o punto de vista da calidade urbana.

Toda vez que o turista que ocupa o lugar dun veciño non exerce de cidadán nese entorno, é dicir, non crea relacións de veciñanza e de permanencia. Por iso a alta concentración de VUTs fai colapsar a complexidade social deses lugares e pon en cuestión a propia sensación de pertenza dos veciños sobre o lugar que habitan, creando unha percepción de indefensión, de ser substituídos e de ser cidadáns de segunda fronte a unha industria turística, que algúns gobernos néganse a ordenar para minimizar os seus perigos e consecuencias negativas.

O terceiro plano no que as VUT afectan é sobre o propio modelo turístico. A concentración de VUT deriva nunha presión e expulsión da poboación residente desas zonas, que ao mesmo tempo remata por segregar os centros das cidades e vilas ou determinados ámbitos territoriais. Eses espazos fican reducindo a meras zonas tematizadas, como simples centros comerciais ao aire libre para turistas. Nestas situación, os primeiros afectados son os propios residentes, mais co tempo acaban por crearse entornos turísticos pobres, carentes de vida cotiá, de memoria, de complexidade e de interese. É decir, fai colapsar a riqueza turística inicial.

CSV: REXISTRO-25FC4kCfZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 3532
Data envio: 10/05/2024 09:28:34.297

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso é urxente pór en marcha una política de planificación, control e equilibrio da presión entre o mercado residencial e o turístico. Dunha banda, corresponde aos Concellos a delimitación de usos, doutra, a Xunta de Galiza ten a competencia das outras funcións fundamentais: a planificación do modelo turístico, a normativa sobre este tipo de aloxamentos e as funcións de control sobre os mesmos.

Polas súas competencias tanto en materia de turismo, como en materia de vivienda e planificación territorial, a Xunta de Galiza ten a capacidade para desenvolver medidas e normativas que garantan a sustentabilidade do modelo turístico, residencial e urbano.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para paliar os impactos negativos derivados da concentración e aumento da vivenda de uso turístico en determinadas áreas?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto no sector turístico provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto na accesibilidade á vivenda provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o impacto no modelo urbano e territorial provocado polo gran incremento de VUT experimentado nos últimos anos?

- Ten intención a Xunta de Galiza de establecer unha orientación e guías para a planificación territorial das VUT en Galiza?

- Baixo que criterios cree a Xunta de Galiza que habería que planificar e ordenar o actual incremento e concentración de VUT no noso país?



CSV: REXISTRO-25FC4kCfZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta de Galiza necesario establecer criterios de planificación diferenciados segundo o tipo de propietario?

- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir que as VUT inscritas no REAT se axusta á normativa?

- Vai modificar a Xunta o decreto que regula as VUT, logo das numerosas sentencias, para requirir para a inscrición no REAT do preceptivo título habilitante municipal para o inicio ou exercicio de actividade económica de carácter turístico?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
**Daniel Pérez López**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 10/05/2024 09:24:46**

**Daniel Pérez López na data 10/05/2024 09:27:07**

CSV: REXISTRO-25FC4kCfZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.3 5375(12/INT-000321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a importancia dos servizos públicos de transporte na estruturación do territorio e no aspecto social e ecolóxico

*Publicación da iniciativa, 37f2, 12.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 13:15:44
Nº Rexistro: 5375
Data envío: 05/06/2024 13:15:44.665

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre as medidas para garantir un bo funcionamento do servizo de transporte público por estrada no verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Lonxe de dar un servizo que responda ás necesidades de mobilidade e vertebración do noso país, a Xunta de Galiza decidiu priorizar os intereses das grandes concesionarias do transporte público en detrimento dos usuarios e usuarias, dos traballadores e das traballadoras destas grandes concesión e das pequenas e medianas empresas do sector.

Estamos pois ante un servizo onde os incumprimentos por parte das grandes concesionarias son norma.



CSV: REXISTRO-47DCBvroP-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste últimos anos, coa chegada do verán, advertimos que a situación empeora cando sumamos novos usuarios ao servizo público de transporte, onde se pode advertir como os retrasos, a desaparición de facto de paradas e a insuficiencia das prazas están a provocar un mal funcionamento do servizo. É pois, que debido a unha mala planificación e a non asunción de maiores custes ao precisar máis vehículos en época estival, deixou ás liñas de conexión coas cidades, nunha situación onde os atrasos de case 1 hora e as persoas que non poden acceder aos vehículos, moitas delas mesmo cos billetes mercados, foron unha constante que sofren os usuarios e usuarias do transporte público.

E non só nas conexións coas cidades, senón que tamén se advertiron problemas e disfuncións das zonas de costa, que reciben unha cantidade importante de turismo na época estival.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para garantir un bo funcionamento do servizo público de transporte por estrada en época estival, e o cumprimento das obrigas das empresas concesionarias?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
**Luis Bará Torres**
Deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-47DCBvroP-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2024 13:15:44
Nº Rexistro: 5375
Data envio: 05/06/2024 13:15:44.665

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 05/06/2024 13:14:18**

**Luis Bará Torres na data 05/06/2024 13:14:22**

CSV: REXISTRO-47DCBvroP-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 6525(12/POPX-000011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a política que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos concellos galegos e coas súas competencias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 18:15:59
Nº Rexistro: 6525
Data envío: 01/07/2024 18:15:59.211

Grupo Parlamentario Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**José Ramón Gómez Besteiro, portavoz** do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, vai modificar vostede a política do seu goberno en relación aos concellos galegos e as súas competencias?

Santiago de Compostela, 1 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/07/2024 17:36:51**

CSV: REXISTRO-3aiGgBqnn-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2 6526(12/POPX-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir o acceso á vivenda

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 18:19:20
Nº Rexistro: 6526
Data envío: 01/07/2024 18:19:20.005

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr. Rueda, que medidas vai adoptar o seu goberno para garantir o acceso á vivenda?*

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/07/2024 18:17:17**

CSV: REXISTRO-tKCJsvYfO-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.1 4745(12/POP-000637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o papel que está tendo a Xunta de Galicia no conflito das profesionais e dos profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio en Galicia

*Publicación da iniciativa, 31f3, 29.05.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4745
Data envío: 23/05/2024 16:13:01.653

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a baixa masiva de profesionais adscritos á quenda de oficio en materia de violencia sobre a muller en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o día 21 de novembro de 2023, as profesionais da avogacía e da procuradoría adscritas á quenda de oficio están en folga en reclamación e defensa da dignificación e mellora das condicións nas que se presta o servizo de asistencia xurídica gratuíta e da quenda de oficio.

O incremento das retribucións/compensacións pola intervención profesional e a súa actualización conforme ao IPC, a inclusión de servizos que prestan as profesionais e que ate o de agora non están contemplados no baremo e polos que non reciben compensación/retribución algunha, o recoñecemento do dereito a cobertura social ou o incremento da cantidade que a Xunta de Galiza destina aos Colexios Profesionais para a atención da quenda de oficio e do servizo de xustiza gratuíta son algunhas das demandas que reivindican as profesionais.

Após 6 meses dende o inicio da folga que deu lugar á suspensión de centos de xuízos e vistas, de comparecencias e declaracións, así como do cómputo de prazos, coa consecuente paralización da tramitación dos procedementos e demora na súa resolución; a Xunta de Galiza segue a descoñecer o dereito de folga deste colectivo, segue sen



CSV: REXISTRO-Fv4NpJcOQ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4745
Data envío: 23/05/2024 16:13:01.653

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atender as reivindicacións ou mesmo segue sen reunirse ou escoitar ás profesionais en folga.

Ante esta falla de atención e consideración pola Xunta de Galiza das demandas presentadas por estes colectivos, os profesionais dos partidos xudiciais de Lalín e A Estrada decidiron solicitar a baixa no servizo da quenda de oficio.

Posteriormente a practica totalidade das profesionais da avogacía de Ribeira solicitaron respecto ao dereito de folga e que non se obrigase a substitución das profesionais que exercían o seu dereito fundamental.

Ante a falla de dialogo e interlocución por parte da Xunta, no día de onte máis dun medio centenar de avogados e avogadas de Ourense presentaron a baixa na quenda de oficio na especialidade de violencia de xénero, medidas que é posíbel teñan continuidade noutras localidades e noutras especialidades para cuxa atención cumpre de formación específica.

Ante a prolongación da situación de conflito sen que conste sequera a existencia de negociacións ou dialogo sobre as posíbeis solucións ao mesmo e ante as evidentes consecuencias que está a ter no funcionamento da administración de xustiza, en xeral, con particular incidencia nas persoas máis vulnerábeis, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións e/ou xestións realizou a Xunta de Galiza para atender as reivindicacións realizadas polas profesionais adscritas á quenda de oficio en folga dende hai máis de 6 meses, así como para garantir a prestación do servizo en todos os partidos xudiciais, nomeadamente na especialidade de violencia sobre a muller en Ourense?

CSV: REXISTRO-Fv4NpJcOQ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4745
Data envío: 23/05/2024 16:13:01.653

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/05/2024 16:11:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2024 16:12:05**

CSV: REXISTRO-Fv4NpJcOQ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.2 5926(12/POP-000790)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre o balance do programa Ebici, orientado ao fomento da bicicleta eléctrica e a unha mobilidade sustentable

*Publicación da iniciativa, 43f3, 26.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2024 11:48:29
Nº Rexistro: 5926
Data envío: 18/06/2024 11:48:29.278

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

**José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Dolores Hermelo Piñeiro, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López, Carmen Pomar Tojo** e **Roberto Rodríguez Martínez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Xunta de Galicia puxo en marcha unha liña de achegas, renovada en varias ocasión, dirixida ao fomento do uso de bicicletas eléctricas con pedaleo asistido e de bicicletas de man híbridas ou eléctricas para cadeiras de rodas.

O chamado programa EBici ten como obxectivo favorecer modos de transporte máis sustentables e saudables, impulsando os modos de desprazamento non motorizados no ámbito urbano e interurbano de proximidade, diminuíndo así o uso do vehículo particular coa conseguinte redución de emisións e da contaminación acústica.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a repercusión do programa Ebici?

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luis Ferro Iglesias na data 18/06/2024 11:45:31**

**Cristina Campero Dorado na data 18/06/2024 11:45:46**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 18/06/2024 11:45:58**

**María Deza Martínez na data 18/06/2024 11:46:10**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 18/06/2024 11:46:21**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 18/06/2024 11:46:37**

**Gonzalo Trenor López na data 18/06/2024 11:46:49**

CSV: REXISTRO-Cjes64s5b-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2024 11:48:29
Nº Rexistro: 5926
Data envío: 18/06/2024 11:48:29.278

**Carmen Pomar Tojo na data 18/06/2024 11:47:06**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 18/06/2024 11:47:19**

CSV: REXISTRO-Cjes64s5b-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.3 6520(12/PUP-000032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre os recursos que a Xunta de Galicia destina aos concellos galegos para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos e instalacións acuáticas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 17:32:43
Nº Rexistro: 6520
Data envío: 01/07/2024 17:32:43.276



**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral **urxente** en **Pleno**.

**Xustificación da urxencia**

**A xustificación da urxencia vén dada polo inicio da tempada estival e xorde a necesidade por parte da Xunta de Galicia de garantir un servizo tan esencial coma é o de socorrismo.**

**As nosas balsas de auga (praias naturais ou fluviais e piscinas) son un dos principais reclamos para o turismo e por ende dende o Goberno da Xunta teñen que garantir a seguridade nelas.**

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente en Pleno:

Defende o Goberno galego que os medios e recursos destinados aos concellos para a prestación de servizos de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos son suficientes para poder garantir a seguridade no uso e desfrute destes espazos na totalidade dos territorios?

Santiago de Compostela, 1 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-RqqWBNEe4-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 17:32:43
Nº Rexistro: 6520
Data envío: 01/07/2024 17:32:43.276

**Paloma Castro Rey na data 01/07/2024 17:31:18**

**Patricia Iglesias Rey na data 01/07/2024 17:31:28**

CSV: REXISTRO-RqqWBNEe4-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.4 6524(12/PUP-000035)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre os resultados da xuntanza do pasado día 27 de xuño entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para abordar temas relativos ás infraestruturas e ao transporte ferroviario

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 18:15:03
Nº Rexistro: 6524
Data envío: 01/07/2024 18:15:03.431

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Pablo Prieto Perille, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

*Xustificación da urxencia*
*A urxencia vén motivada pola transcendencia que para Galicia teñen os temas abordados na reunión e a necesidade de coñecer de primeira man a información trasladada polos representantes do Goberno central*

O pasado xoves representantes do Goberno galego e do Goberno de España mantiveron un encontro para abordar asuntos de grande transcendencia para os galegos no ámbito das infraestruturas e do transporte ferroviario, tanto de pasaxeiros como de mercadorías.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno galego da xuntanza celebrada o pasado día 27 de xuño co secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Sostible e co comisionado do Goberno central para o Corredor Atlántico?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Katherinie Varela Fernández na data 01/07/2024 18:10:03**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTRO-sk8MSGpUb-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 18:15:03
Nº Rexistro: 6524
Data envío: 01/07/2024 18:15:03.431

PARLAMENTO DE GALICIA

**Paula Mouzo Mas na data 01/07/2024 18:10:08**

**Pablo Prieto Perille na data 01/07/2024 18:10:50**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 01/07/2024 18:10:59**

**Paula Prado del Río na data 01/07/2024 18:11:25**

**María Felisa Rodríguez Carrera na data 01/07/2024 18:11:36**

**Julio García Comesaña na data 01/07/2024 18:12:21**

**Alberto Pazos Couñago na data 01/07/2024 18:12:34**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 01/07/2024 18:13:17**

**Gonzalo Trenor López na data 01/07/2024 18:13:32**

CSV: REXISTRO-sk8MSGpUb-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024        Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.5 5977(12/POP-000802)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 9 máis

Sobre a situación actual en España das probas da avaliación de bacharelato para acceso á universidade (ABAU)

*Publicación da iniciativa, 43f3, 26.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2024 13:09:25
Nº Rexistro: 5977
Data envío: 18/06/2024 13:09:25.732

PARLAMENTO DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Julio García Comesaña, Cecilia Vázquez Suárez, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Víctor M. Baladrón Lamas, Raúl Santamaría González** e **Borja Verea Fraiz,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Cada ano, centos de miles de alumnos que queren iniciar estudos nunha universidade pública española deben realizar os exames de avaliación para acceder á universidade (ABAU) para conseguir unha das prazas. A pesar de que o noso país funciona como un distrito universitario único, no que calquera alumno pode solicitar unha praza nunha universidade pública española, as probas que dan acceso a ela son diferentes en función do territorio no que se desenvolven.

Cada Comunidade Autónoma elabora os exames da ABAU baixo estándares metodolóxicos, de esixencia e de avaliación diferentes, o que na práctica supón dezasete portas de acceso distintas para unha mesma praza. A todas luces este modelo non atende ao mérito nin á capacidade, vai en detrimento da calidade e da excelencia do sistema educativo e provoca desigualdades entre o conxunto dos cidadáns.

Tanto a Xunta de Galicia como o Grupo Parlamentario Popular, levamos anos reclamando ao Goberno do Estado unha solución a esta situación.

Diante da inacción e dos constantes cambios e retrasos do Ministerio de Educación, o presidente nacional do Partido Popular vén de anunciar o que consideramos un acordo

CSV: REXISTRO-b5pTLu5vd-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

histórico entre gobernos autonómicos. En concreto, tal e como trasladou, catorce comunidades autónomas nas que goberna o Partido Popular, entre elas Galicia, pactaron desenvolver un modelo de avaliación homologable a todas elas para acceder á universidade.

Esta acordo –que se deberá desenvolver con todos os actores implicados para poder implantarse o próximo curso— servirá para manter a equidade e a non discriminación por razón de territorio e garantirá a igualdade de oportunidades de todos os estudantes.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia a situación  actual da ABAU?

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio García Comesaña na data 18/06/2024 13:06:24**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 18/06/2024 13:06:40**

**José Luis Ferro Iglesias na data 18/06/2024 13:06:49**

**Carmen Pomar Tojo na data 18/06/2024 13:07:00**

**Patricia García González na data 18/06/2024 13:07:15**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 18/06/2024 13:07:27**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 18/06/2024 13:07:39**

**Víctor Baladrón Lamas na data 18/06/2024 13:07:53**

**Raúl Santamaría González na data 18/06/2024 13:08:08**

**Borja Verea Fraiz na data 18/06/2024 13:08:20**

CSV: REXISTRO-b5pTLu5vd-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.6 6046(12/POP-000812)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre o estado en que se atopan algúns espazos da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

*Publicación da iniciativa, 43f3, 26.06.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2024 11:22:30
Nº Rexistro: 6046
Data envío: 19/06/2024 11:22:30.422

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as graves deficiencias do edificio da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto da sede da Escola Superior de Arte Dramática de Galiza, impulsado pola Xunta de Galiza e deseñado polo arquitecto Santiago Catalán Tobía, contemplaba a construción de tres edificios. Proxectábase neles, a maiores dun amplo número de aulas e espazos para servizos xerais, a creación dun teatro, unha sala de exhibicións polivalente, un auditorio e varios talleres de construción escenográfica. A construción das instalacións previase realizar en tres fases. O proxecto básico da totalidade da obra e da execución da Fase I adxudicouse mediante a Resolución de 9 de abril de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A licitación das obras publicouse en outubro de 2007, en febreiro de 2008 púñase a primeira pedra do primeiro edificio e, a finais de 2009, concluía a construción desa Fase I do proxecto, que contou cun orzamento de 6,2 millóns de euros, financiado con Fondos Europeos.

A comunidade escolar da ESADg trasladouse á nova edificación en xaneiro de 2010. Desde aquela até hoxe, nunca máis a administración autonómica deu pasos para levar a cabo a Fase II e a Fase III do proxecto. Esta circunstancia ten limitado gravemente o funcionamento e a oferta educativa do centro. O actual edificio ten



CSV: REXISTRO-e8GXRk9jM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2024 11:22:30
Nº Rexistro: 6046
Data envío: 19/06/2024 11:22:30.422

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carencias graves en materia de seguridade para as actividades de exhibición escénica e non conta nin cunha sala polivalente, nin cun teatro nin cun taller de construción, fundamentais para o proceso de ensino aprendizaxe. As instalacións actuais son insuficientes e deficientes.

A deficiencia máis grave e que require unha actuación urxente afecta ao auditorio do centro no que se producen goteiras que xa danaron a estrutura do escenario e que pon en grave risco de sufrir un accidente ao profesorado e ao alumnado ao desenvolver actividades de materias como iluminación na que teñen que subir a unha escaleira alta apoiada nunha superficie de madeira con humidade que cede ante o peso da mesma e manipular focos e cableado sobre os que caen auga. Unha situación que non lle está permitida a calquera outro espazo teatral da Galiza e que o Goberno Galego non só consente, senón que como titular do edificio pon en risco a seguridade do alumnado e o profesorado da ESADg.

Igualmente requiren reparacións no inmediato outros espazos como as aulas P2, P3 e P4 nas que non contan co equipamento necesario para garantir a seguridade do alumnado, nin do público que acode as representación realizadas polo mesmo.

As ensinanzas deste centro necesitan unha infraestrutura e un equipamento acorde coas esixencias profesionais do seu ámbito e que os espazos de exhibición se axusten á normativa actual, que tamén rexe outros ámbitos oficiais como a Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Ante esta situación de grave precariedade e de risco asumido para a docencia de varias materias técnicas como iluminación, construción escénica, espazo sonoro, etc., a Xunta de Galicia debe garantir a seguridade do profesorado e do alumnado realizando, no inmediato, as obras necesarias para a reparación do auditorio e doutros espazos afectados, evitando que entre auga e arranxando os danos producidos por esta.

CSV: REXISTRO-e8GXRk9jM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2024 11:22:30
Nº Rexistro: 6046
Data envio: 19/06/2024 11:22:30.422

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E paralelamente a culminación do proxecto e a construción definitiva dos espazos de docencia pendentes 15 anos despois da inauguración da ESAD de Galicia, tal e como demanda e urxe a comunidade educativa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego realizar con urxencia as obras, necesarias e proxectadas, nos espazos estragados na Escola Superior de Arte Dramática de Galiza co fin de garantir a seguridade do profesorado e do alumnado?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**
**Alexandra Fernández Gómez**
**Daniel Castro García**
**Brais Ruanova Vilas-Boas**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmela González Iglesias na data 19/06/2024 11:15:56**

**Alexandra Fernández Gómez na data 19/06/2024 11:16:02**

**Daniel Castro García na data 19/06/2024 11:17:06**



CSV: REXISTRO-e8GXRk9jM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2024 11:22:30
Nº Rexistro: 6046
Data envío: 19/06/2024 11:22:30.422

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/06/2024 11:17:08**

CSV: REXISTRO-e8GXRk9jM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.7 6522(12/PUP-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o desenvolvemento da explotación mineira situada en Touro e O Pino

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 17:53:01
Nº Rexistro: 6522
Data envío: 01/07/2024 17:53:01.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a declaración da mina de Touro e O Pino como Proxecto Industrial Estratéxico.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada trala aprobación polo Consello da Xunta da declaración da mina de Touro e O Pino como Proxecto Industrial Estratéxico.

**Exposición de motivos**

O Consello da Xunta vén de aprobar onte a declaración como Proxecto Industrial Estratéxico do proxecto de explotación Cobre San Rafael, impulsada pola empresa Cobre San Rafael SL nos concellos do Pino e Touro, o que trae parello a redución de trámites administrativos.

Salienta o goberno do Partido Popular nesta declaración unha manchea de bondades e vantaxes que ten este proxecto, a comezar polo investimento inicial de case 200M€ e a creación de 394 postos de emprego directo. Mais non menciona o executivo do Sr. Rueda a contaminación do río Ulla, os seus afluentes e a ría da Arousa, nin dos impactos que terá sobre o emprego xa

CSV: REXISTRO-DOB3m9ZqB-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 17:53:01
Nº Rexistro: 6522
Data envío: 01/07/2024 17:53:01.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

existente a día de hoxe nesta comarca e nas que conforman esta bacía, nin por suposto, tampouco da grande oposición veciñal e social que suscitou este proxecto mineiro.

Porque o certo é que este non é un proxecto que resulte descoñecido. Na mina de Touro extraeuse cobre ata 1986 e desde aquela o espazo vén sendo empregado por Explotaciones Gallegas para a obtención de áridos sen que se acadase neste tempo unha restauración e xestión adecuadas, como veñen poñendo de manifesto sucesivos episodios de contaminación das augas circundantes, que acaban no río Ulla e na ría de Arousa, saldándose con sancións leves. No ano 2018 foi impulsado un proxecto, denominado Cobre San Rafael, para retomar a extracción de cobre, mais desatando unha forte oposición, tanto ecoloxista como veciñal. Proxecto que recibiu unha declaración de impacto ambiental negativa por parte da Xunta de Galiza a comezos do ano 2020 sen que isto non fixese desistir á empresa das súas aspiracións.

Mais unha vez, a Xunta de Galiza gobernada polo Partido Popular pon por diante o desenvolvemento económico e o lucro dunha gran empresa en vez de garantir o respecto medioambiental e a protección dos sectores produtivos xa existentes e a poboación galega. O río Ulla e a ría da Arousa, cuns niveis de contaminación actuais xa preocupantes, e co futuro ameazado polo proxecto de Altri en Palas de Rei, ten agora diante de si un novo ataque á súa saúde, á súa diversidade e, en definitiva, a todos os seus ecosistemas fluviais e mariños, co beneplácito, unha vez máis, do Partido Popular desde a Xunta de Galiza.

CSV: REXISTRO-DOB3m9ZqB-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 17:53:01
Nº Rexistro: 6522
Data envío: 01/07/2024 17:53:01.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Considera o Goberno galego reverter a declaración de Proxecto Industrial Estratéxico da mina de Touro–O Pino, antepoñendo a protección medioambiental do noso País, os nosos sectores produtivos e a saúde humana ao lucro de grandes empresas?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 01/07/2024 17:52:23**

CSV: REXISTRO-DOB3m9ZqB-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 09.07.2024 Hora: 10:00**

**Orde do día**

8.8 2904(12/POP-000431)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación da asistencia pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras

*Publicación da iniciativa, 22f2, 08.05.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 2904
Data envío: 02/05/2024 14:16:09.635

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta**, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ata o mes de xuño de 2022 o Centro de Saúde do Barco de Valdeorras contaba con dúas consultas de Pediatría, ocupadas por sendos pediatras. Levaba xa anos con esa dotación. Ese mesmo ano unha pediatra xubílase. Desde entón unha médica de familia con formación de puericultora ocupou a praza da pediatra xubilada polo que o servizo e a atención aos usuarios non era óptima, pero tendo en conta que moitas consultas son de revisións periódicas de nenos e nenas non enfermas, había unha certa normalidade.

O 11 de maio de 2023 (DOG do 25 de maio) o Sergas, publica a convocatoria dun proceso selectivo polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo da categoría de pediatría de atención primaria.

Ante esta convocatoria, a médica de familia que atendía na consulta de pediatría, a comezos de 2024, abandona a praza e trasládase á localidade veciña de Sobradelo, onde exerce de médica de familia. Desde esas datas, só unha consulta está en funcionamento.

No DOG do 18 de marzo de 2024 publícase a resolución do 29 de febreiro de 2024 da Dirección Xeral de Recursos Humanos polo que se nomea persoal fixo e a adxudicación definitiva dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo da Resolución do 11 de maio de 2023. Para o Centro de Saúde do Barco adxudícase unha praza de pediatría, pero o pediatra renuncia e non se incorpora, rematado xa o prazo de toma de posesión.

CSV: REXISTRO-YHehVz6j-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde principios de 2024 un único pediatra atende aos máis de 2.000 nenos e nenas.

O esforzo do profesional é enorme pero tamén o seu desgaste e frustración. A atención recibida polos usuarios é moi precaria e absolutamente insuficiente.

O pediatra actual, ademais, está próximo á xubilación (outono de 2024).

Ante o deterioro da atención pediátrica e a posible cronificación e agravamento do problema, pais e nais recolleron sinaturas solicitando a axuda e compromiso das forzas políticas representadas no Concello do Barco, liderando a reivindicación dun servizo de calidade para a comarca.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista esiximos o Sergas solución á espera de nais e pais para que os fillos e fillas sexan valorados por un profesional da sanidade pública, así como solicitamos unha calidade asistencial adecuada.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a situación denunciada polos pais e nais afectados pola falta de pediatras no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras?

Parlamento de Galicia, 2 de maio de 2024

CSV: REXISTRO-YHehVz6ij-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/